

Resolución do 31 de marzo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado que cursa ensinanzas de formación profesional, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de réxime especial, e ensinanzas de educación secundaria e bacharelato para persoas adultas na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2024-2025

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, recolle no seu artigo 2 que un dos fins aos que se orienta o sistema educativo español é a "capacitación para garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso seguro dos medios dixitais e respectuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía da intimidade individual e colectiva".

Esta lei tamén establece, no punto 5 do seu artigo 111 bis, que as administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, e que as administracións educativas establecerán as condicións que fagan posible eliminar no ámbito escolar as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización destas tecnoloxías, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Así mesmo, indica que se fomentarán a confianza e a seguridade no uso das tecnoloxías, prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.

Na Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, indícase que un dos seus principios de desenvolvemento é o de actualización permanente, adaptación áxil e detección proactiva e anticipatoria dos cambios e das necesidades emerxentes nos sectores produtivos, en particular os asociados á dixitalización, entre outros.

As ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de réxime especial desenvólvense ao abeiro do Real decreto 596/2007, do 4 de maio, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, que define estas ensinanzas como o conxunto de accións formativas que permitan o rendemento cualificado en diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica, así como para a actualización e a ampliación das competencias profesionais e persoais ao longo da vida, e establece como finalidades, entre outras, proporcionar formación artística, técnica e tecnolóxica adecuada para o exercicio cualificado da competencias profesionais específicas de cada título.

Deste xeito, calquera alumna ou alumno destas etapas educativas adquire aprendizaxes que reforzan a súa capacitación dixital, co obxectivo de contribuír á súa plena participación na sociedade actual.

A Unión Europea considera fundamental, para se poder incorporar á vida adulta de maneira satisfactoria e ser quen de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida, o desenvolvemento da competencia dixital, que é unha das oito competencias que



recolle a Recomendación do Consello do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Para contribuír á comprensión e ao desenvolvemento desa competencia, a Comisión Europea desenvolveu o Marco europeo de competencias dixitais (DigComp), que se traspón e se concreta para a realidade do contexto galego mediante o Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais (ComDix). Este marco, flexible e dinámico, determina os coñecementos, as competencias e as aptitudes para contribuír ao desenvolvemento dunha sociedade usuaria dos servizos dixitais avanzados, á mellora profesional e ao benestar colectivo.

A Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, engádelle unha nova disposición adicional séptima á Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, relacionada coas competencias dixitais no sistema educativo galego. Nela recóllese que a avaliación, o recoñecemento e o rexistro das competencias dixitais no ámbito do sistema educativo galego, tanto para o persoal docente, de acordo co seu marco específico de referencias de competencia dixital docente, como para o alumnado, corresponderá á consellería con competencias en materia de educación. A devandita disposición tamén recolle a necesaria coordinación dos procesos de xestión do Marco galego de competencias dixitais e do Rrexistro de certificacións de competencias dixitais, e os que se establezan no sistema educativo galego, así como o establecemento das equivalencias e dos correspondentes procedementos entre as competencias dixitais obtidas no sistema educativo e o Marco galego de competencias dixitais para a cidadanía de Galicia.

O 21 de novembro de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a resolución pola que se aproba e se publica o documento de Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais. Na definición actual deste documento de Bases actualmente inclúese só a definición dos niveis de iniciación e intermedio do Marco galego de competencias dixitais (o nivel avanzado está aínda sen definir), e determina os xeitos de obtención destas acreditacións do nivel de competencia dixital, destacando, entre outras, a superación da educación regrada por parte do alumnado do sistema educativo galego e establecendo que a consellería competente en materia de educación proporá as equivalencias entre as competencias dixitais obtidas no sistema educativo e as establecidas no Marco galego.

Neste contexto, a Estratexia Educación Dixital 2030 considera imprescindible a capacitación dixital e, tendo en conta que a competencia dixital se desenvolve dun xeito transversal, mediante as aprendizaxes adquiridas en distintas áreas e etapas educativas, propón a acreditación da competencia dixital do alumnado como vía para contribuír á súa plena participación na sociedade actual e para mellorar o seu acceso ao mercado laboral.

Polo anterior, é preciso ditar instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado que estuda ensinanzas de formación profesional, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de réxime especial e ensinanzas de educación secundaria e bacharelato para persoas adultas, tendo en consideración o Marco galego de competencias dixitais, e, de conformidade co exposto, como Directora Xeral de Formación Profesional,



RESOLVO:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta resolución ten por obxecto ditar instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado no Marco galego de competencias dixitais que cursa ensinanzas de formación profesional, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de réxime especial, e ensinanzas de educación secundaria e de bacharelato para persoas adultas, no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2024-2025.

2. Esta resolución é de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten ensinanzas de formación profesional, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, e ensinanzas de educación secundaria e de bacharelato para persoas adultas.

Artigo 2. Niveis e alcance da acreditación

1. Os niveis de competencia dixital que se poderán acreditar a través dos procedementos regulados nesta resolución son unicamente os definidos actualmente no Marco galego de competencias dixitais e no documento de Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais: iniciación e intermedio.
2. Será posible acreditar de forma completa o nivel de iniciación ou o nivel intermedio, ou de forma parcial algunha das áreas de dominio correspondentes ao nivel intermedio.

Artigo 3. Vías para obter a acreditación

A acreditación das competencias dixitais do alumnado poderase realizar por obter un dos títulos do sistema educativo aos que se fai referencia nesta resolución, por superar unha proba específica ou combinando ambas as opcións.

Artigo 4. Acreditación por obter unha titulación

1. Acreditará o nivel de aptitude de **iniciación** en competencias dixitais o alumnado que obteña algúns dos seguintes títulos no curso 2024-2025:
 - a) Título de técnico/a básico/a en calquera perfil profesional.
 - b) Graduado/a en educación secundaria obrigatoria obtido por rematar estas ensinanzas no réxime para persoas adultas.
2. Acreditará o nivel de aptitude **intermedio** en competencias dixitais o alumnado que obteña algúns dos seguintes títulos no curso 2024-2025:
 - a) Título de técnico/a en:
 - Sistemas Microinformáticos e Redes.
 - Instalacións de Telecomunicacións.
 - Instalacións Eléctricas e Automáticas.
 - b) Título de especialista en Implementación de Redes 5G ou en Instalación e Mantemento de Sistemas Conectados a Internet (Iot), sempre que o alumnado acredite dispor dun título de técnico/a ou de técnico/a superior.
 - c) Título de técnico/a superior en calquera perfil profesional de formación profesional.
 - d) Título de máster de formación profesional, sempre que acredite dispor dun título de técnico/a superior.
 - e) Título de técnico/a superior de Artes Plásticas e Deseño de réxime especial.



Artigo 5. Acreditación por proba específica

Co obxectivo de acreditar os coñecementos, as habilidades e as actitudes propias do **nivel intermedio**, poderase presentar a unha proba específica o alumnado matriculado no curso 2024-2025:

- a) No segundo curso dun ciclo formativo de grao básico.
- b) No módulo IV das ensinanzas de educación secundaria para persoas adultas.

Artigo 6. Acreditación por superar unha proba e obter unha titulación.

Poderá acreditar o nivel **intermedio** o alumnado que supere unha proba específica en exclusiva da área de dominio 4 e obteña algúns dos seguintes títulos no curso 2024-2025.

- a) Título de técnico/a de formación profesional nun perfil profesional distinto aos que figuran no artigo 4.2.a).
- b) Título de especialista nun perfil profesional distinto aos que figuran no artigo 4.2.b), sempre que se acredite dispor dun título de técnico/a ou de técnico/a superior.
- c) Título de bacharelato obtido por rematar estas ensinanzas no réxime para persoas adultas.
- d) Título de técnico/a de artes plásticas e deseño de réxime especial.

Artigo 7. Solicitud de participación nas probas específicas

O alumnado que desexe realizar a proba específica, sexa do nivel intermedio ou sexa soamente da área de dominio 4, solicitará a súa inscrición empregando o modelo establecido no anexo I, seguindo as indicacións establecidas polo seu centro.

A solicitude do alumnado menor de idade deberá contar coa autorización das persoas proxenitoras ou das persoas titoras legais.

Artigo 8. Inscrición nas probas específicas

1. Os centros docentes inscribirán o alumnado que solicitase participar na proba de nivel intermedio ou na proba específica da área de dominio 4 do nivel intermedio, coa data límite do 28 de abril, ás 23:59 horas.
2. O procedemento que deberán seguir os centros para realizaren a inscrición do alumnado e a comunicación dos datos das persoas coordinadoras da proba será o seguinte:
 - a) Centros públicos e de titularidade privada sostidos con fondos públicos: a través da aplicación Xade, empregando o módulo Actividade (menú Alumnado -> Actividade).
 - b) Centros de titularidade privada non sostidos con fondos públicos: rexistrarse a través da aplicación Enquisas. Comunicarase a cada centro educativo a ligazón ao formulario de inscrición e os pasos para o cubrir.
3. Xunto coa inscrición do alumnado, os centros, utilizando o mesmo procedemento, deberán indicar:
 - a) A quenda (mañá ou tarde, ou ambas) en que o centro conte con dispoñibilidade para realizar as probas.
 - b) O número de postos informáticos dispoñibles.
 - c) O nome da persoa ou das persoas coordinadoras destas probas, segundo o artigo 11.2



Artigo 9. *Características das probas*

A proba para acreditar o nivel intermedio axustarase ás cinco áreas de dominio definidas no Marco galego de competencias dixitais ([Estrutura | Certificación galega de competencias dixitais](#)). O alumnado deberá responder nun tempo máximo de 90 minutos a un total de 63 preguntas de diferente complexidade e tipoloxía, referidas a cada unha das cinco áreas de dominio: nove preguntas da área 1, dezaoito preguntas da área 2 e doce preguntas por cada unha das áreas 3, 4 e 5.

Para superar a proba de nivel intermedio deberase responder correctamente a un mínimo de 45 preguntas no total da proba, e ademais deberase superar un mínimo de preguntas por cada unha das cinco áreas: seis preguntas para a área 1, once preguntas para a área 2 e oito preguntas por cada unha das áreas 3, 4 e 5.

A proba específica para acreditar a área de dominio 4 (Seguridade e privacidade) axustarase á definición da devandita área no nivel intermedio no Marco galego de competencias dixitais ([Estrutura | Certificación galega de competencias dixitais](#)). O alumnado deberá responder nun tempo máximo de 20 minutos a un total de 12 preguntas de diferente complexidade e tipoloxía.

Para superar a proba específica da área de dominio 4 do nivel intermedio deberase responder correctamente a un mínimo de oito preguntas no total da proba.

Artigo 10. *Información sobre a proba*

Os centros docentes informarán o alumnado destinatario e as familias:

- a) Da data e o horario de realización da proba, das súas características e do seu alcance: acreditación completa do nivel intermedio ou acreditación parcial da área de dominio 4 deste nivel.
- b) Da posibilidade de realizar unha proba de exemplo do nivel intermedio na ligazón <https://certificacion-competenciasdixitais.xunta.gal/gl>

Artigo 11. *Organización das probas*

1. Cada centro participante deberá dispor dun ou de varios espazos dotados de postos informáticos para uso individual nos días e nos horarios que se lle asignen para realizar as probas.
Os postos informáticos deberán contar con computadores con acceso a internet e acceso aos seguintes programas: navegador web, solución ofimática (LibreOffice ou equivalente) e lector PDF.
2. En cada centro nomearase unha ou varias persoas encargadas da organización das probas e coas seguintes funcións:
 - a) Información e resolución de dúbihdas sobre as probas específicas.
 - b) Realización das probas segundo as instrucións recibidas.
 - c) Comunicación de incidencias a través das canles establecidas pola AMTEGA.
 - d) Vixilancia e control do desenvolvemento das probas.

Artigo 12. *Realización das probas*

1. As probas realizaranse durante o mes de maio na data e na hora que a dirección xeral de Formación Profesional lle asigne a cada centro, conforme o número de participantes inscritos/as e a dispoñibilidade de postos informáticos.
2. Informarase aos centros da data e a hora de realización das probas con antelación suficiente para a súa organización.
3. A convocatoria de cada proba será única.



4. Logo de establecidas as datas das probas e comunicadas aos centros, estas non poderán ser modificadas agás por causas debidamente xustificadas. Igualmente, non se atenderán peticións de modificación de datas despois de rematar o prazo disposto para isto.
5. De ser preciso, habilitarase unha quenda extraordinaria única para o alumnado que por motivos técnicos non imputables ao funcionamento do equipamento no que realice a proba resultase non apto ou non puidese iniciar ou concluir a proba, así como para o alumnado que documentalmente poida xustificar a súa ausencia por causa de forza maior.

Artigo 13. *Certificación*

1. O alumnado que acredite un nivel completo de competencia, por titulación, por proba ou combinando unha proba e unha titulación recibirá unha certificación, que será emitida de oficio, conforme os procedementos establecidos no Marco galego de competencias dixitais e no Rexistro de certificacións en competencias dixitais, de acordo co documento de Bases para o desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais.
2. O alumnado que non acredite o nivel intermedio de forma completa recibirá de oficio unha certificación emitida pola consellería con competencias en educación que acredite o nivel de aptitude nas áreas de dominio superadas.

Artigo 14. *Posta a disposición das certificacións*

1. A certificación que acredite un nivel completo de competencias ComDix estará disponible na Carpeta Cidadá da sede electrónica da Xunta de Galicia de cada alumno/a.
Sen prexuízo do anterior, o alumnado dos centros públicos recibirá a certificación ComDix a través da aplicación Abalar.
2. A certificación parcial dun nivel de competencia por áreas de dominio será entregado polo centro educativo ao alumnado.

Artigo 15. *Validez da certificación*

A certificación terá unha validez de cinco anos a partir da data da proposta de título da alumna ou o alumno, ou de realización da proba específica.

Disposición adicional primeira: *Información sobre o Marco galego de competencias dixitais*

O contido do Marco galego de competencias dixitais (MGCD) pódese consultar na ligazón. https://ficheiros-web.xunta.gal/comdix/20231213_EstruturaMGCD_v.1.0.pdf

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

M^a Eugenia Pérez Fernández
Directora Xeral de Formación Profesional



ANEXO I

PROCEDIMENTO	DOCUMENTO
Solicitud de inscripción nas probas específicas para a acreditación das competencias dixitais do alumnado que curse ensinanzas de FP, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño e ensinanzas de educación secundaria e bacharelato para persoas adultas (ComDix)	SOLICITUDE

DATOS DA PESSOA SOLICITANTE			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ALUMNA/O DO CENTRO	MATRICULADA/O NO CURSO 2024-2025 (indicar ensinanza)		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		

SOLICITO:
A inscrición para realizar a proba específica que se celebrará no centro para a acreditación das competencias dixitais de:
<input checked="" type="checkbox"/> Nivel intermedio (só alumnado de 2º curso dun Ciclo formativo de grao básico ou no módulo IV das ensinanzas de Educación Secundaria para persoas adultas)
<input type="checkbox"/> Área 4 do nivel intermedio (resto do alumnado, segundo o artigo 6 da Resolución do 31 de marzo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a acreditación das competencias dixitais do alumnado que cursa ensinanzas de formación profesional, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño de réxime especial, e ensinanzas de educación secundaria e bacharelato para persoas adultas na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2024-2025)

SINATURA DA PESSOA SOLICITANTE	
<input type="text"/>	
Lugar e data	<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>

<i>No caso de alumnado menor de idade</i>	
D.º/D.	<input type="text"/> con DNI/NIE <input type="text"/>
Nai / pai / titora / persoa titora legal da/o alumnado (tache o que non proceda)	<input type="checkbox"/>
AUTORIZO a súa inscrición para realizar a proba específica para acreditación das competencias dixitais	

SINATURA DA NAI / PAI / PESSOA TITORA LEGAL	
<input type="text"/>	
Lugar e data	<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>

